

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027721	IES Plurilingüe de Ames	Ames	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	8
3.1. Relación de unidades didácticas	10
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	11
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	32
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36

## 1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua»,

propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 3º de ESO nas seguintes tres unidades didácticas:

#### MISCELÁNEA 1

1. A lingua e os seus falantes
  - 1.1. Que é a comunicación
    - 1.1.1. Elementos da comunicación.
    - 1.1.2. A comunicación verbal ou lingüística.
  - 1.2. Funcións da linguaxe.
  - 1.3. Linguaxe e lingua.
  - 1.4. Variedades da lingua:
    - 1.4.1. Variedades xeográficas.
    - 1.4.2. Variedades sociais.
    - 1.4.3. Variedades individuais.
  - 1.5. A diversidade lingüística en España.
    - 1.5.1. As linguas na constitución.
    - 1.5.2. As linguas cooficiais de España.
    - 1.5.3. As linguas históricas en España.
  - 1.6. O bilingüismo en España.
    - 1.6.1. As linguas en contacto.
      - 1.6.1.1. Bilingüismo individual.
      - 1.6.1.2. Bilingüismo social.
      - 1.6.1.3. A diglosia.
  - 1.7. Os dialectos do castelán.
2. Comunicación escrita
  - 2.1. A descrición. Características lingüísticas.
    - 2.1.1. A descrición segundo a forma: descrición técnica e literaria.
    - 2.1.2. A descrición segundo o obxecto descrito.
  - 2.2. A narración e os seus elementos.
    - 2.2.1. O narrador.
      - 2.2.1.1. Narrador interno e externo.
    - 2.2.2. A acción.
    - 2.2.3. Os personaxes. Clasificación.
    - 2.2.4. O espazo. Clasificación.
    - 2.2.5. O tempo.
      - 2.2.5.1. Tempo interno e externo.
  - 2.3. O diálogo.
    - 2.3.1. Diálogo formal e informal.
    - 2.3.2. O diálogo na narración.
      - 2.3.2.1. O estilo directo.
      - 2.3.2.2. O estilo indirecto.
      - 2.3.2.3. Transformación do estilo directo en indirecto.
3. Elaboración de textos
  - 3.1. As propiedades textuais: a adecuación.
4. Morfoloxía:
  - 4.1. A palabra.
    - 4.1.1. A formación de palabras en castelán.
    - 4.1.2. Clases de palabras segundo a forma.
    - 4.1.3. Clases de palabras segundo o seu significado.
  - 4.2. O substantivo: forma, significado (clasificación) e función.
    - 4.2.1. O xénero do substantivo.
      - 4.2.1.1. A linguaxe non sexista.
    - 4.2.2. O número do substantivo.
    - 4.2.3. Función.
    - 4.2.4. Cambios de categoría gramatical: a substantivación e a nominalización.
  - 4.3. O grupo sintáctico. Tipos.
    - 4.3.1. O sintagma nominal.
  - 4.4. Os determinantes.

- 4.4.1. O artigo: determinado e indeterminado.
  - 4.4.2. Os demostrativos.
  - 4.4.3. Os posesivos.
  - 4.4.4. Os indefinidos / definidos\*.
  - 4.4.5. Os relativos.
  - 4.4.6. Os numerais\*.
    - 4.4.6.1. ordinais.
    - 4.4.6.2. cardinais.
    - 4.4.6.3. fraccionarios.
    - 4.4.6.4. multiplicativos.
  - 4.4.7. Os interrogativos.
  - 4.4.8. Os exclamativos.
  - 4.5. Os pronomes
    - 4.5.1. Persoais: tónicos e átonos.
    - 4.5.2. Os demostrativos.
    - 4.5.3. Os posesivos\*.
    - 4.5.4. Os indefinidos / definidos\*.
    - 4.5.5. Os relativos.
    - 4.5.6. Os numerais.
      - 4.5.6.1. ordinais.
      - 4.5.6.2. cardinais.
      - 4.5.6.3. fraccionarios.
      - 4.5.6.4. multiplicativos.
    - 4.5.7. Os interrogativos.
    - 4.5.8. Os exclamativos.
  - 5. Literatura:
    - 5.1. A narración na Idade Media
      - 5.1.1. A sociedade medieval na literatura
      - 5.1.2. A poesía narrativa
        - 5.1.2.1. O mester de xograría (s. XII)
          - 5.1.2.1.1. Cantar de Mio Cid
          - 5.1.2.2. O mester de clerecía (s. XIII-XIV)
            - 5.1.2.2.1. s. XIII. Los milagros de Nuestra Señora, Gonzalo de Berceo.
            - 5.1.2.2.2. s. XIV. Libro de buen amor, Juan Ruiz, arcipreste de Hita.
      - 5.1.3. A prosa medieval
        - 5.1.3.1. s. XIII Alfonso X, o Sabio e o seu labor na Escola de Tradutores de Toledo.
        - 5.1.3.2. s. XIV. El conde Lucanor, don Juan Manuel
  - 6. Ortografía: a acentuación.
  - 7. Libro de lectura obrigatoria: Herejía, David Lozano.
- MISCELÁNEA 2
- 1. Comunicación escrita
    - 1.1. A exposición
      - 1.1.1. Tipos: exposición divulgativa e científica.
      - 1.1.2. Estrutura da exposición.
      - 1.1.3. Características lingüísticas da exposición.
      - 1.1.4. Conectores explicativos.
    - 1.2. A argumentación
      - 1.2.1. Tipos: argumentación obxectiva e subxectiva.
      - 1.2.2. Estrutura da argumentación.
      - 1.2.3. Tipos de argumentos.
      - 1.2.4. Características lingüísticas da argumentación.
      - 1.2.5. Conectores argumentativos I.
  - 1. Elaboración de textos
    - 2.1. As propiedades textuais: a coherencia
      - 2.1.1. Tipos de cohesión: léxica e lóxica.
        - 2.1.1.1. A Cohesión lóxica.
          - 2.1.1.2. Marcas lingüísticas da cohesión.
            - 2.1.1.2.1. Os sinónimos.
            - 2.1.1.2.2. A anáfora.

- 2.1.1.2.3. Usos e tipos de hiperónimos. Os hipónimos I.
  - 2.1.1.2.4. Conectores lóxicos.
  - 3. Morfoloxía
  - 3.1. O adxectivo: forma, función e significado.
  - 3.1.1. Forma
  - 3.1.1.1. Adxectivos de dúas terminacións e dunha terminación.
  - 3.1.1.2. O grao do adxectivo.
  - 3.1.2. Significado:
  - 3.1.2.1. Adxectivos cualificativos e de relación.
  - 3.1.2.2. o adxectivo especificativo e explicativo.
  - 3.1.3. Función:
  - 3.1.3.1. Estrutura do sintagma adxectivo.
  - 3.1.3.2. Función do adxectivo nun sintagma nominal.
  - 3.2. O verbo: forma, función e significado.
  - 3.2.1. Forma
  - 3.2.1.1. A conxugación verbal.
  - 3.2.1.1.1. Os verbos irregulares.
  - 3.2.1.1.2. As formas persoais.
  - 3.2.1.1.3. As formas non persoais.
  - 3.2.2. Significado
  - 3.2.2.1. Indicativo, subxuntivo, imperativo; aspecto; tempos absolutos e relativos.
  - 3.2.2.2. Os verbos con argumentos.
  - 3.2.2.3. As perífrases verbais.
  - 3.2.3. Función: o grupo verbal.
  - 3.3. o adverbio: forma, función e significado.
  - 3.3.1. Clasificación do adverbio polo seu significado.
  - 4. Unidades gramaticais
  - 4.1. O enunciado. Tipos.
  - 5. As funcións sintácticas da oración
  - 5.1. O predicado.
  - 5.1.1. Tipos de predicado.
  - 5.1.2. Complementos do predicado.
  - 5.1.2.1. CD.
  - 5.1.2.1.1. Leísmo, laísmo y loísmo.
  - 5.1.2.2. CI
  - 5.1.2.3. CRV
  - 5.1.2.4. CC
  - 5.1.2.5. CAg
  - 5.1.2.6. Complemento locativo
  - 5.1.2.7. CPvo
  - 5.2. As funcións semánticas da oración.
  - 6. Literatura:
  - 6.1. A lírica e o teatro no Prerrenacemento (s. XV)
  - 6.1.1. A lírica tradicional da I.M. (s. XII-XIV).
  - 6.1.2. O Romancero (s. XV)
  - 6.1.3. A poesía culta castelá (s. XV)
  - 6.1.3.1. Os Cancioneiros.
  - 6.1.3.2. O marqués de Santillana.
  - 6.1.3.3. Jorge Manrique, as Coplas
  - 6.1.4. A muller na Idade Media
  - 6.2. O teatro
  - 6.2.1. A Celestina, Fernando de Rojas.
  - 6. Ortografía: grafías (uso de G/J; B/V; H; CC; palabras de escritura dubidosa).
  - 7. Libro de lectura obrigatoria: Antoloxía de la lírica amorosa, VV.AA.
- MISCELÁNEA 3
- 1. Elaboración de textos
  - 1.1. As propiedades textuais: a progresión temática.
  - 1.1.1. O tema.
  - 1.2. A anáfora.

- 1.3. A denotación e a connotación.
- 1.4. As relacións semánticas entre palabras: monosemia, polisemia, sinonimia, antonimia, homonimia, paronimia.
- 1.5. O campo semántico.
2. Clasificación da oración simple.
  - 2.1. Oracións copulativas.
  - 2.2. Oracións predicativas.
    - 2.2.1. Oracións activas.
      - 2.2.1.1. Oracións transitivas.
        - 2.2.1.1.1. Oracións reflexivas.
        - 2.2.1.1.2. Oracións recíprocas.
      - 2.2.1.2. Oracións intransitivas.
    - 2.2.2. Oracións pasivas.
      - 2.2.2.1. Oracións pasivas perifrásticas.
      - 2.2.2.2. Oracións pasivas reflexas.
    - 2.2.3. Oracións impersoais. Tipos.
  - 2.3. Funcións comunicativas da oración.
    - 2.3.1. O foco da oración.
    - 2.3.2. O tópico da oración.
    - 2.3.3. O modificador oracional.
3. Comunicación escrita.
  - 3.1. O xornalismo de información.
    - 3.1.1. A reportaxe.
    - 3.1.2. Características lingüísticas do xornalismo de información.
  - 3.2. O xornalismo de opinión.
    - 3.2.1. A carta ao director.
  - 3.3. A crónica: xénero mixto.
  - 3.4. Os conectores argumentativos II.
  - 3.5. Os conectores estruturadores.
  - 3.6. A cohesión léxica do texto:
    - 3.6.1. A hiperonimia e hiponimia II
    - 3.6.2. O campo léxico.
    - 3.6.3. A familia léxica.
    - 3.6.4. O tabú e o eufemismo.
5. Morfoloxía
  - 5.1. A preposición: forma, función e significado.
    - 5.1.1. A locucións prepositivas.
  - 5.2. A conxunción: forma, función.
    - 5.2.1. A conxunción coordinante.
    - 5.2.2. A locución subordinante.
    - 5.2.3. A locución conxuntiva.
6. Literatura:
  - 6.1. A poesía no Renacemento (s XVI)
    - 6.1.1. A renovación da lírica castelá
    - 6.1.2. O Renacemento español
      - 6.1.2.1. O primeiro Renacemento: Garcilaso da Vega.
      - 6.1.2.2. O segundo Renacemento: Fray Luis de León, santa Teresa de Jesús, san Juan de la Cruz.
  - 6.2. A novela dos séculos XVI e XVII
    - 6.2.1. As novelas idealistas
    - 6.2.2. As novelas picarescas: Lazarillo de Tormes
    - 6.2.3. Cervantes. O Quijote
  - 6.3. A poesía do Barroco (século XVII)
    - 6.3.1. Características da literatura barroca
      - 6.3.1.1. O conceptismo. Francisco de Quevedo.
      - 6.3.1.2. O culteranismo. Luis de Góngora.
      - 6.3.1.3. Outros poetas do Barroco: Cervantes e Lope de Vega.
      - 6.3.1.4. As mulleres poetas do barroco.
    - 6.4. O teatro popular do século XVI. Antecedentes do teatro barroco.
    - 6.5. O teatro barroco nos Séculos de Ouro.
      - 6.5.1. Cervantes.

- 6.5.2. Lope de Vega.
- 6.5.3. Tirso de Molina
- 6.3.4. Pedro Calderón de la Barca.
- 6.3.5. Dramaturgas dos Séculos de Ouro
- 7. Ortografía: a puntuación.
- 8. Libro de lectura obrigatoria: Tuerto, maldito y enamorado, Rosa Huertas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Miscelánea 1	<p>1. A lingua e os seus falantes. Comunicación. Funcións da linguaxe. Linguaxe e lingua. Variedades da lingua (xeográficas, sociais e individuais). Diversidade lingüística en España.</p> <p>2. Comunicación escrita. Descrición. Narración e elementos. Diálogo.</p> <p>3. Elaboración de textos. Propiedades textuais: a adecuación.</p> <p>4. Morfoloxía. A palabra. ¿Formación de palabras. Clases de palabras segundo forma e significado. Substantivo: forma, significado e función. Determinantes. Pronomes.</p> <p>5. Literatura:</p> <p>5.1. Narración na Idade Media. Poesía narrativa. Mester de xograría: Cantar de Mio Cid. Mester de clerecía: Os milagres de Nosa Señora, Gonzalo de Berceo; Libro de buen amor, Juan Ruiz, arcipreste de Hita. Prosa medieval: Alfonso X, o Sabio. El conde Lucanor, don Juan Manuel.</p> <p>6. Ortografía: acentuación.</p> <p>7. Libro de lectura obrigatoria: Herejía, David Lozano.</p>	30	38	X		
2	Miscelánea 2	<p>1. Comunicación escrita. Exposición. Argumentación I.</p> <p>2. Elaboración de textos. Propiedades textuais: coherencia, cohesión. Mecanismos.</p> <p>3. Morfoloxía. Adxectivo: forma, significado e función. O verbo: forma, significado e función. O adverbio : forma, función e significado.</p> <p>4. Unidades gramaticais. O enunciado. Funcións sintácticas e semánticas da oración.</p> <p>5. Literatura.</p> <p>5.1. A lírica e o teatro no Prerrenacemento.. Lírica tradicional da I.M. (s. XII-XIV). O Romanceiro (s. XV). A poesía culta castelá (s. XV):Cancioneiros; O marqués de Santillana. Jorge Manrique, as Coplas. Teatro: A Celestina.</p> <p>6. Ortografía: grafías (uso de G/J; B/V; H; CC; palabras de escritura dubidosa).</p> <p>7. Libro de lectura obrigatoria:</p>	30	37		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Miscelánea 2	Antoloxía de la lírica amorosa. VVAA.	30	37		X	
3	Miscelánea 3	<p>1. Elaboración de textos. Propiedades textuais: cohesión léxica do texto (hiperonimia e hiponimia II). Campo léxico. Familia léxica. Tabú e eufemismo..</p> <p>Relacións semánticas entre palabras: monosemia, polisemia, sinonimia, antonimia... Progresión temática.</p> <p>2. Sintaxis. Clasificación da oración simple. Funcións comunicativas da oración.</p> <p>3. Comunicación escrita. Xornalismo de información (a reportaxe). Xornalismo de opinión (a carta ao director). A crónica. A argumentación II</p> <p>5. Morfoloxía. A preposición. A conxunción.</p> <p>6. Literatura. Renacemento e Barroco</p> <p>Novelas idealistas. A novela picaresca: Lazarillo de Tormes. Cervantes: O Quijote. Poesía barroca. Conceptismo e culteranismo: Quevedo, Góngora e outros autores. Teatro popular do s. XVI. Antecedentes do teatro barroco. O teatro barroco nos S. de Ouro (Cervantes, Lope de Vega, Calderón de la Barca, dramaturgas dos Séculos de Ouro.</p> <p>7. Ortografía: a puntuación.</p> <p>8. Libro de lectura obrigatoria: Tuerto, maldito y enamorado. Rosa Huertas..</p>	40	30			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Miscelánea 1	38

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%	TI	30
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abrangendo o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado deberá acadar un mínimo do 50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da propia biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade.</li> <li>- Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión interlingüística.</li> <li>- Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal.</li> <li>- Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).</li> <li>- Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección</li> </ul> </li> </ul>

## Contidos

- de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escolta activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
